

Miña nai era unha especialista en apañar verbas. Unha vez, cando eu era pequeno, dixeron "leite" e ela apañou unha vaca. Outro día dixeron "xurelo" e apañou unha rapeta enteira; pero detrás da rapeta viña unha parella de bous de Marín, e cada bou traía unha tripulación de 15 homes.

A miña nai sentounos en ringleira na mesa do comedor e preparoulles unha caldeirada de "¿Que tal?" "¿Que me conta?" "¿Como lle vai?" "¿Está todo ben?". Entón eu dixeron "pai" e miña nai apañou ao máis loiro de todos eles. Un que tiña as meniñas dos ollos coa forma das sereas.

Cando estaba contento, e mirabas para el, as sereas nadábanlle dentro dos ollos.

Se se deitaban, miña nai e mais el botaban uns aturuxos que enchían a casa de carriolas e gorrións, facían tremar as paredes e o teito volvíase transparente.

Eu aproveitaba para saír voando pola xanela e dicir todas as palabras malas que miña nai non me deixaba pronunciar dentro da casa... xa sabedes... merda, carallo, foder; porque miña nai dicíame que con esas palabras só conseguía apañar confesións de beata, tarxetas de crédito moi horteras ou ascensores que che verquían no andar cegador das rebaixas, nuns grandes almacéns que non deixaban mirar o ceo.

Unha mañá, ao espertar, equivoqueime, e en vez de "bos días" dixeron "adeus", e miña nai apañou o baleiro ao outro lado da cama. Cando chegamos ao peirao, o barco do mariñeiro loiro, que levaba sereas debuxadas nos ollos, estaba coas portas do aparello amarradas na popa, en ruta cara á liña do horizonte.

"Non te amoles", sorríume a miña nai, "vai de barlovento e ten un amor en cada porto".

Para escapar da saudade que nos deixara a despedida, dixeron "area", e miña nai apañou unha praia de verde mar con loureiros enriba dos penedos. Rochas tan redondas coma os seus seos, dende as que nos tirabamos espidos de cabeza á auga e aboiabamos estantíos coma muxos. Cansados despois de tanto nadar, ficamos a durmir.

Deitados enriba dunha pedra con forma de ventre de balea revirada; o sol fechándonos as pálpebras, dixeron "fame", e miña nai apañou unha mesa de terraza nunha illa grega, con mantel a cadros e cadeiras de madeirapalla.

Estaba atendida por un home gordecho e calvo que gastaba un negro bigote de morsa. Tiña unhas diminutas ás nos nocellos que lle permitían ir e vir voando cun prato en cada man. "Os gregos das illas

máis afastadas somos así; aínda nos queda algo dos tempos dos deuses", comentou diante do meu pasmo.

Miña nai aplaudía cada vez que aparecía cunha fonte de comida: polbo feito na brasa, iogur con macedonia ou follas de figueira adobiadas de leite callado con amoras e canela.

Cando rematamos de comer, miña nai botouse a bailar con aquel home. Agarrados polo van, movíanse, como viaxando nunha alfombra, por entre as mesas.

Eu quixen dicir algo, pero quedei durmido ollando o azul interminable daquel ceo que me cativaba.

Cando me fixen home, esa maneira parva que os maiores teñen de chamar á chegada do insomnio polas noites, embarqueime de mariñeiro de altura.

Coñecín a inmovilidade dos mares xeados, onde o tempo non existe; as chairas dos carrameiros, tan mestas que podes camiñar durante días por riba do mar; labirínticos neboeiros, nos que virabamos en redondo sen atopar a saída, cunha desesperación de presidiario perpetuo.

Eu falaba coa miña nai a través do satélite, dicíalle "Galiza" e ela apañaba para min a butaca vella na que meu avó sentaba no cine Avenida, o chifro da conserveira que anunciaba abrentes de escamas nas mans e uns ventos do nordés que desordenaban as saias das rapazas cando iamos á escola de Pirigallo.

Logo mandábame todo polo correo electrónico. "Envíoches este paquetiño virtualmente", escribía ela no ordenador.

Regresei despois de embarcar peixe en todos os mares do mundo e xa levaba sereas debuxadas nas meniñas dos ollos.

Cando me mirou, sorrindo, berrou: "¡Por fin volvíches; non te conseguía apañar onda min!".

